



Folla de sala / Galego

XULIA MINGUILLÓN

16

Xulia Minguillón Iglesias nace un 17 de xullo de 1906 en Lugo, onde comeza a súa formación artística na Escola de Artes e Oficios. Máis tarde ingresa na Escola Especial de San Fernando grazas a unha bolsa que lle outorga a Deputación Provincial de Lugo para completar a súa formación.

En 1934 Julia preséntase por primeira vez a unha Exposición Nacional de Belas Artes na sección de pintura na que obtén unha Medalla de Terceira Clase coa que se dá a coñecer no panorama artístico do momento.

En 1941 recibe unha Primeira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes pola súa obra titulada *A Escola de Doloriñas*, a máis interesante da artista coa que inaugura a súa etapa de madurez na que destacan as súas grandes obras de composición.

Outros grandes cadros desta liña son *A miña familia*, datado en 1944, e o cadro *Xuventude*, de 1948, co que consegue o Gran Premio do Círculo de Belas Artes de Madrid.

Dentro da súa traxectoria artística destaca a súa faceta como retratista, aínda que tamén realiza paisaxes nas que abordará temas rurais e urbanos.

Concorre a numerosas exposicións internacionais en Bos Aires, Venecia, Londres, San Francisco e Nova York.

Entre 1960 e 1965, última etapa da súa vida, realiza un gran número de bosquexos e de apuntamentos.

Un ano antes da súa morte pinta en Madrid a súa última gran composición coa que aspira á Medalla de Honra da Exposición Nacional dese ano, non obstante o xurado decide deixala deserta.

A vida de Xulia apágase un 22 de agosto de 1965, deixando tras de si unha frutífera obra.



Hoja de sala / Castellano

JULIA MINGUILLÓN

16

Julia Minguillón Iglesias nace un 17 de Julio de 1906 en Lugo donde comienza su formación artística en la Escuela de Artes y Oficios. Más tarde ingresa en la Escuela Especial de San Fernando gracias a una beca que le otorga la Diputación Provincial de Lugo para completar su formación.

En 1934 Julia se presenta por primera vez a una Exposición Nacional de Bellas Artes en la sección de pintura en la que obtiene una Medalla de Tercera Clase con la que se da a conocer en el panorama artístico del momento.

En 1941 recibe una Primera Medalla en la Exposición Nacional de Bellas Artes por su obra titulada *La Escuela de Doloriñas*, la más interesante de la artista, con la que inaugura su etapa de madurez en la que destacan sus grandes obras de composición.

Otros grandes cuadros de esta línea son *Mi familia*, fechado en 1944 y el cuadro *Juventud*, de 1948, con el que consigue el Gran Premio del Círculo de Bellas Artes de Madrid.

Dentro de su trayectoria artística destaca su faceta como retratista, aunque también realiza paisajes en los que abordará temas rurales y urbanos.

Concurre a numerosas exposiciones internacionales en Buenos Aires, Venecia, Londres, San Francisco, y Nueva York.

Entre 1960 y 1965, última etapa de su vida, realiza un gran número de bocetos y de apuntes y un año antes de su muerte, pinta en Madrid su última gran composición con la que aspira a la medalla de Honor de la exposición Nacional de ese año, sin embargo el jurado decide dejarlo desierto.

La vida de Julia se apaga un 22 de Agosto de 1965 dejando tras de sí una fructífera obra.